



MÉRCORES, 11 DE OUTUBRO DE 2023 MIÉRCOLES, 11 DE OCTUBRE DE 2023 | BOP NÚMERO 195

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Acordos do Concello Pleno de organización: periodicidade das sesións do Pleno, asignacións económicas para os grupos políticos municipais e retribucións dos postos do persoal eventual e por asistencia efectiva a órganos colexiados

EDICTO

O Concello Pleno na súa sesión extraordinaria e urgente do 11 de xullo do 2023 adoptou, entre outros, os acordos de organización que a continuación se transcriben literalmente na súa parte dispositiva:

«5º.- Periodicidade das sesións do Pleno.

Fixar cunha periodicidade mensual a celebración das sesións ordinarias do Pleno Corporativo o último xoves de cada mes, ás 20.00 horas, e se coincidira festividade o día previsto poderá cambiarse ata dous días hábiles antes ou despois mantendo a sesión o carácter de ordinaria.

6º.- Establecemento das asignacións económicas para os grupos políticos municipais.

PRIMEIRO.- Establecer unha asignación económica a cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 250 €, e un compoñente variable de 75 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará cunha periodicidade semestral, previa xustificación dos gastos executados conforme ao establecido nas Bases de execución do presupuesto.

Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituir activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

SEGUNDO.- Que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

10º.- Determinación e retribución dos postos do persoal eventual.

Manter o posto de SECRETARIO PARTICULAR do Alcalde, código 030002 da Relación de Postos de Traballo, correspondente a persoal eventual, en réxime de dedicación parcial do 86,86% da xornada, coa retribución total de 23.250,00 euros anuais (coas actualizacións anuais na porcentaxe que sexa de aplicación para o funcionariado), a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro.

11º.- Retribucións por asistencia efectiva a órganos colexiados.

Primeiro.- Todos os concelleiros, salvo aqueles que perciban retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, fixándose a retribución bruta a obter por asistencia a cada sesión do Pleno de 150 € e unha retribución bruta por asistencia ao resto de órganos colexiados de 100,00 € cun máximo de dúas sesións por cada mes respecto de cada órgano. No caso de coincidir un mesmo concelleiro en varias sesións de distintos órganos colexiados celebradas no mesmo día ou a celebración de varias sesións dun órgano colexiado nun mesmo día, soamente percibirase indemnización pola asistencia a unha das sesións, que será a de maior valor económico.

Segundo.- Aplicar no referente a indemnizacións polas xestións que esixan o desprazamento dentro ou fora do termo municipal do Alcalde ou Concelleiros e á súa xustificación o establecido no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou normativa que a substitúa, nas contías que se sinalen para o Grupo I.

Terceiro.- Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento».

Sada, o 05 de outubro de 2023

O alcalde, Óscar Benito Portela Fernández



MARTES, 3 DE OUTUBRO DE 2023 MARTES, 3 DE OCTUBRE DE 2023 | BOP NÚMERO 189

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Establecemento das retribucións dos membros da Corporación

EDICTO

O Concello Pleno na súa sesión extraordinaria e urgente do 11 de xullo do 2023 adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

«4º.- Establecemento das retribucións dos membros da Corporación.

PRIMEIRO.- Establecer o exercicio do cargo de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 36.000 euros anuais (coas actualizacións anuais na porcentaxe que sexa de aplicación para os funcionarios), a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro. O horario laboral será o coincidente co do persoal de oficina.

SEGUNDO.- Establecer o exercicio das Concellerías delegadas da área de Deporte, Educación e Xuventude, da área de Cultura e Normalización Lingüística, da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, da área Obras e Servizos e Medio Ambiente, do servizo de Benestar Social e Igualdade e Emprego e dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 31.000 euros anuais (coas actualizacións anuais na porcentaxe que sexa de aplicación para os funcionarios), a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro. O horario laboral será o coincidente co do persoal de oficina.

TERCEIRO.- Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento».

Sada, o 28 de setembro do 2023

O alcalde, Óscar Benito Portela Fernández

2023/7737